

**Estevo CREUS**

## **1. Preámbulo**

Por iso pensou naquel día  
cando lle prestaron un nome  
e unha cara  
e lle dixeron o que era  
e lle dixeron “es 1”  
pero eran “todos”

e ninguén comprendeu nunca  
que eran “todos”  
que el non era el  
que el non era “1”

que alguén faltaba

## **2**

Porque primeiro había un corpo e unha selva unidos por un ollo. E logo apareceu a palabra selva. E entón había un corpo un ollo unha selva a palabra corpo a palabra ollo a palabra selva unidos por unha boca. E logo apareceu a palabra boca e entón había un corpo un ollo unha selva unha boca a palabra corpo a palabra ollo a palabra selva a palabra boca unidos pola palabra

e entón apareceu  
olla o que dis

e xa fomos 2  
a habitar  
esta cabeza.

e todos

## **3**

Porque xa no signo  
está a mentira

este mapa  
herdado  
na matanza

este lugar  
xa nunca  
brazo.

4

porque a boca constrúe o tempo  
coa linguaxe  
como a casa  
suxeta 1 ollo  
na parede

ou  
impide.

5

Estas malditas palabras  
que me dades sen me dar  
esta trampa maldita  
que me enxertas na obviedade  
este cabalo de Troia aquí en Troia

este serán sen brazos  
esta boca

e entón

este boca a boca  
que non é  
entón

Este pensamento que me habita no padal  
este camiñar lento  
aprendido de matanzas  
esta boca que me nace no entrecello  
e que me nace

esta boca que é exacta  
a esta boca

esta medida exacta

boca

á medida de é.

6

Porque a semente  
unicamente  
fai posible  
a árbore que medra da semente  
así a palabra  
fai posible  
a selva que medra  
da palabra

ou impide  
o que?

—non entre tanto  
o mundo—

quen fai a pregunta como?

ou a pregunta é  
faise?

7

Por iso advértote  
a min  
que sempre habitas  
os teitos desta casa  
que non é túa  
a man  
nin  
esta boca  
que hei de encher de carne  
os ocos  
de todas as estancias  
e entón  
a carne  
serei de ti  
a carne  
toda  
desta boca.

8

porque ninguén mediu nunca  
o poder das palabras  
pero tampouco  
ninguén mediu nunca  
o mundo  
nin ninguén nunca  
poderá medir nunca  
as posibilidades do mundo

por iso naceu a palabra "normal"  
como derrota aplicable  
ao mundo

en fin  
como derrota.

**9**

Esta tristeza que en min ancora  
este perseguirme ata a matanza  
este pensamento que me invade  
e non é meu  
este pensamento que é de é

**10**

Porque  
a palabra  
en Lázaro  
é anda

e quen anda  
é  
a palabra

Textos de:  
(OU)  
A PALABRA IMPIDE  
poemario inédito